

# O galego,
# a nosa columna vertebral

## O idioma que nos une!

**Participa na MANIFESTACIÓN que sairá o
17 de maio da Alameda de Santiago de Compostela.
Haberá servizo de autobuses desde diferentes puntos de Galiza.
Infórmate no web www.amesanl.org ou no teléfono 981 563 885**

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

# O GALEGO, A NOSA COLUMNA VERTEBRAL - IDIOMA QUE NOS UNE!

O vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela producirase unha manifestación histórica en defensa da lingua que nos une como galegas e como galegos. Para reivindicarmos o dereito básico a podermos vivir no noso idioma propio, o cal debe ser garantido polos poderes públicos.

Vemos con preocupación como o PP, desde a Xunta de Galiza, pretende desmantelar puntos básicos da oficialidade do galego, como o amparo xurídico en aspectos tan fundamentais como o ensino. Levar a cabo medidas de ataque contra o galego supón un perigo de confrontación indesexábel e de fractura social, ademais de ir contra acordos unánimes do Parlamento e vulnerar o espírito e a letra do artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos.

Nos últimos meses, repetiuse desde diferentes grupos de poder a falaz idea de que hai un proceso de "imposición del gallego", presentando, con cinismo, o mundo ao revés. A realidade do día a día e todos os estudos sobre o tema desmontan esa mentira. Así, o Consello de Europa advertiu nun contundente informe de finais de 2008 que en Galiza non se están a cumprir tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos e que non hai garantías mínimas para este idioma en sectores tan importantes como o sistema educativo, os servizos públicos, a xustiza ou os medios de comunicación.

Así mesmo, a Real Academia Galega vén de publicar un estudo sinalando que en doce anos se reduciu á metade a cantidade de persoas que fala habitualmente en galego. Perante a necesidade de respostas por parte da sociedade galega, animamos a:

* Participar nos actos de mobilización en defensa da nosa lingua, cuxa vindeira cita máis importante é a manifestación nacional convocada para o 17 de maio ás 12 horas desde a Alameda de Santiago de Compostela. Sairán autobuses desde diferentes puntos de Galiza.

  Informáte no web da Mesa:
  www.amesanl.org
  ou no teléfono 981 56 38 85.

* Apoiar o "Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego", que se pode apoiar a través de internet. Infórmate no web da Mesa.

* Secundar as campañas e iniciativas da Mesa pola Normalización Lingüística. Infórmate no web da Mesa.

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA